

**Termos de Referencia**  
PARA A CONTRATACIÓN DUN  
SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A ELABORACIÓN DO  
**PLAN ESTRATÉXICO 2025-2028**  
**DA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL**  
-FEGADACE-

## Índice

1.	A Federación.....	2
2.	Misión e visión da federación.....	3
3.	Antecedentes .....	4
4.	Obxecto do servizo .....	5
5.	Alcance do servizo .....	5
6.	Actividades.....	6
7.	Produtos esperados e prazos de entrega e pagamento.....	7
8.	Requisitos.....	7
9.	Duración da asesoría.....	8
10.	Premisas da consultora, propiedade intelectual, autoría e publicación .....	8
11.	Presentación de propostas e criterios de valoración.....	9
12.	Documentación de interese .....	12

## 1. A FEDERACIÓN

A Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) representa a máis de 2.100 familias de persoas con dano cerebral adquirido. Foi constituída en maio de 2007 polas cinco asociacións galegas de dano cerebral:

- Asociación de Dano Cerebral de A Coruña – ADACECO.
- Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Lugo- ADACE.
- DCA Ourense.
- Alento- Asociación de Dano Cerebral, situada en Vigo.
- Asociación Sarela, situada en Santiago de Compostela.

A Fegadace está declarada Asociación de Utilidade Pública desde o 20 de decembro de 2013. É unha organización non governamental, privada sen ánimo de lucro, independente, apartidista e aconfesional comprometida coa defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral.

A Federación Galega de Dano Cerebral persegue a plena inclusión e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con dano cerebral e das súas familias. Pretende sensibilizar a sociedade en xeral con respecto á dimensión desta discapacidade, implicar as institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo. Desenvolve o seu labor dentro dos seguintes ámbitos de actuación:

- Apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral.
- Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o dano cerebral.
- Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.
- Captación de fondos.
- Representatividade e incidencia política.

A Fegadace reúne ás cinco asociacións de dano cerebral de referencia en Galicia anteriormente mencionadas. Os órganos de goberno da Federación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

- A Asemblea Xeral é o órgano de goberno e representación da Federación e está composta polas presidentas e presidentes das asociacións federadas e polas persoas que compoñen a Xunta Directiva.

- A Xunta Directiva está composta por cinco persoas, unha por cada unha das asociacións federadas.

Exerce a representación do movemento asociativo do dano cerebral no nivel autonómico. É responsable do establecemento e mantemento de alianzas estratéxicas, participación en plataformas/redes, coordinación de diferentes actores de discapacidade, en xeral, e do dano cerebral en particular etc. Ademais, desenvolve tarefas que inicialmente recaían nas asociacións (e/ou na federación estatal), como é o caso da xestión de subvencións durante todo o ciclo das mesmas: solicitude, formulación, execución, seguimento e xustificación. Asume a execución de proxectos propios, como os de sensibilización, divulgación e información, ademais dos de investigación social.

En canto ás áreas de traballo, a Federación presenta na actualidade a seguinte estrutura:

- Área de Dirección.
- Área de Xestión Económica e Administración.
- Área de Proxectos.
- Área de Comunicación.

Ademais, cóntase con dúas áreas transversais que son Calidade e Igualdade.

## 2. MISIÓN E VISIÓN DA FEDERACIÓN

### **Misión**

Fegadace é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia, cuxo obxectivo é desenvolver a acción social, institucional e técnica para acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral e das súas familias.

### **Visión**

Fegadace representa a un movemento asociativo consolidado, forte e cohesionado que traballa para visibilizar o dano cerebral e situalo na axenda social de Galicia, na perspectiva de seguir mellorando o seu coñecemento, achegar ás persoas con dano cerebral e ás súas familias un óptimo acceso aos recursos e facilitarlles o pleno exercicio dos seus dereitos de cidadanía.

### 3. ANTECEDENTES

A actual estratexia de FEGADACE está definida no [Plan Estratégico 2020-2023](#), que foi prorrogado durante o 2024, e ten por principais obxectivos:

- Avanzar no coñecemento sobre o dano cerebral no conxunto da sociedade, así como na defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral e as súas familias.
- Reforzar o papel da Federación como referente principal na representación das persoas con dano cerebral e as súas familias e na defensa dos seus dereitos.
- Fortalecer o traballo conxunto das entidades e a Federación para garantir un óptimo acceso aos distintos recursos e a prestación dunha atención transversal e de calidade ás persoas con dano cerebral e as súas familias.
- Medrar e avanzar na cohesión do movemento asociativo como garantía de mellora da acción conxunta.

O Plan Estratégico 2020-2023 representou un salto cuantitativo e cualitativo con respecto aos dous que o precederon (2013-2015 e 2016-2018) e conseguiu establecer unha folla de ruta ambiciosa e acorde á nova etapa de madurez que viviu a federación durante a súa vixencia. Foi estruturado en tres elementos xerárquicos e interdependentes, cuxa definición se sinala a continuación:

- As **liñas estratégicas** representan os ámbitos prioritarios de actuación da Federación nos vindeiros anos. Asociado a cada unha das liñas, o obxectivo estratéxico define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar.
- Os **obxectivos operativos** constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das liñas.
- No último nivel sitúanse as **accións** ou propostas concretas de actuación para acadar cadanseu obxectivo operativo.

En concreto, estes tres niveis estrutúranse e organízanse en 5 liñas estratégicas, 12 obxectivos operativos e 65 accións, tal como recolle a seguinte táboa:

**ESTRUTURA DO PLAN ESTRATÉXICO DA FEGADACE 2020-2023**

<b>LIÑA ESTRATÉXICA 1: ACCIÓN POLÍTICA E FORTALECEMENTO DA PRESENZA SOCIAL DA FEDERACIÓN</b>		
1 OBXECTIVO XERAL	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	11 ACCIÓNS
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 2: COMUNICACIÓN EXTERNA E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL SOBRE O DCA</b>		
1 OBXECTIVO XERAL	3 OBXECTIVOS OPERATIVOS	13 ACCIÓNS
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROXECTOS E PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA</b>		
1 OBXECTIVO XERAL	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	6 ACCIÓNS
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 4: CRECEMENTO E COHESIÓN ASOCIATIVA</b>		
1 OBXECTIVO XERAL	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	16 ACCIÓNS
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 5: CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL E SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DA FEDERACIÓN</b>		
1 OBXECTIVO XERAL	3 OBXECTIVOS OPERATIVOS	19 ACCIÓNS
<b>TOTAL LIÑAS ESTRATÉXICAS</b>		
5 OBXECTIVOS XERAIS	12 OBXECTIVOS OPERATIVOS	65 ACCIÓNS

Durante todo o período de vixencia deste Plan Estratéxico foron realizados os seguimentos periódicos establecidos, que constatan o seu elevado grao de cumprimento.

## 4. OBXECTO DO SERVIZO

No contexto anterior, FEGADACE conta cunha planificación estratéxica para o período 2020-2023 e prorrogada na actualidade ata decembro de 2024, cuxo cumprimento debe ser avaliado externamente e orientar o proceso de elaboración da planificación 2025-2028. En tal sentido requírese dunha consultoría que brinde asesoría técnica especializada aos Órganos de Goberno da Federación e á Dirección para o desenvolvemento das actividades conducentes do Plan Estratéxico 2025-2028, incluída a avaliación de cumprimento do plan actual.

## 5. ALCANCE DO SERVIZO

Contratar un servizo de consultoría encargado de:

1. Realización da avaliación do grao de cumprimento final do Plan Estratéxico 2020-2023 (prorrogado a 2024), en base aos balances de cumprimento anuais xa dispoñibles.
2. Deseño e facilitación da metodoloxía de participación de reunións de traballo cos principais grupos de interese a nivel territorial (asociacións federadas, axentes e

- persoas colaboradoras, cadro de persoal, administración pública, entidades financiadoras, outras entidades sociais etc.).
3. Facilitar e sistematizar os resultados dos obradoiros de planificación e outras actividades participativas que involucre a formulación do Plan Estratégico, con todos os grupos de interese.
  4. Sistematización do proceso de planificación. Asesorar á Dirección e á Xunta Directiva para a formulación do Plan Estratégico e o Deseño do Procedemento de Seguimento e Avaliación.
  5. Elaboración, redacción e entrega en tempo e forma dos produtos detallados no apartado 7 destes termos de referencia.

## 6. ACTIVIDADES

Do servizo de consultoría a contratar espérase o desenvolvemento, como mínimo, das seguintes actividades:

1. Reunións de traballo para definir a opción metodolóxica, elaborar os instrumentos requiridos e definir o plan de traballo para a formulación do PE.
2. Elaborar o guión metodolóxico e o plan de traballo para a realización do PE.
3. Desenvolver a metodoloxía de recollida de información interna e externa.
4. Procesamento e sistematización da información recollida
5. Facilitación de obradoiros de diagnose e avaliación do PE anterior que sexan necesarios.
6. Elaboración e redacción da Avaliación final do grao de cumprimento do PE anterior.
7. Procesamento e sistematización dos resultados obtidos en ditos obradoiros e accións.
8. Asesoría técnica á Dirección e á Xunta Directiva para recollida, sistematización e análise da información da fase de avaliación.
9. Outras actividades que se identifiquen como imprescindibles para a formulación do PE, que requiran asesoría especializada concordante coas competencias do servizo de consultoría.
10. A formulación do PE para o horizonte 2025-2028 desenvolverase sobre unha metodoloxía participativa que involucre a todos os grupos de interese de FEGADACE nas actividades que corresponda.

11. Elaboración e redacción do documento final do Plan Estratéxico.
12. Asesoría técnica para o deseño e posta en marcha do procedemento de seguimento á execución do PE, que poida incluír, entre outros elementos:
  - Estratexia para a coordinación e establecemento de sinerxías na execución do PE.
  - Recomendacións para a difusión interna e externa do PE.
  - Estratexia e ferramentas para o seguimento da execución e a avaliación periódica.

No transcurso da consultoría deberanse incluír espazos participativos e colaborativos nos cales se contará con representantes de todos os grupos de interese da entidade: xunta directiva, equipo técnico da federación, xuntas directivas das asociacións federadas e respectivas direccións, así como persoal que sexa designado nos equipos de traballo.

## 7. PRODUTOS ESPERADOS E PRAZOS DE ENTREGA E PAGAMENTO

Os produtos esperados e prazos estipulados para entrega e pagamento do servizo son:

	Produtos esperados	Prazo	Pago
1	Guión metodolóxico e plan de traballo para o desenvolvemento do servizo.	Aos 15 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo. <i>(ata o 15 de abril de 2024)</i>	20%
2	Avaliación do cumprimento do Plan Estratéxico 2020-2023	Aos 120 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo <i>(ata o 30 de xullo de 2024)</i>	20%
3	Primeiro borrador do Plan Estratéxico 2025-2028	Aos 150 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo <i>(ata o 31 de agosto de 2024)</i>	30%
4	(1) Versión final do Plan Estratéxico 2025-2028 (2) Directrices de Implantación e Seguimento do Plan Estratéxico	Aos 180 días de asinado o contrato e contra a conformidade do mesmo <i>(ata o 30 de setembro de 2024)</i>	30%

## 8. REQUISITOS

O equipo responsable do servizo contratado debe de contar con estudos universitarios con formación académica e experiencia demostrada nas seguintes áreas:



1. Estudos de especialización e experiencia mínima de 5 anos contrastada na elaboración de Planificación Estratéxica e sustentabilidade financeira institucional en organizacións sen ánimo de lucro, especialmente nos ámbitos social, sanitario e de discapacidade.
2. Experiencia en transferencia de coñecementos no uso de ferramentas de capacitación e elaboración de Plans Estratéxicos, Plans Operativos e Planificacións Orzamentarias.
3. Formación e experiencia en técnicas de facilitación de obradoiros e outras actividades participativas, conducentes a construír coñecemento consensuado.
4. Participación demostrada na elaboración de, polo menos 10 Plans Estratéxicos, como persoa encargada da asesoría técnica ou responsable da redacción do documento final.
5. Experiencia, de cando menos 3 anos, en facilitación e condución de obradoiros participativos, grupos focais ou outras accións participativas para a formulación de Plans Estratéxicos ou procesos de mellora organizacional.

Ademais, deberá entregar todos os produtos xerados en lingua galega.

## 9. DURACIÓN DA ASESORÍA

A duración da presente consultoría será de 180 días, contados dende o día 1 de abril de 2024, data na que deberá de estar asinado o contrato de prestación de servizos. A data máxima para finalización do traballo será o 30 de setembro de 2024.

## 10. PREMISAS DA CONSULTORA, PROPIEDAD INTELLECTUAL, AUTORÍA E PUBLICACIÓN

A propiedade intelectual dos produtos desta consultora, sen prexuízo do recoñecemento de autoría, corresponderá a FEGADACE. Por tanto, a difusión dos resultados e produtos xerados deberán rexerse e respectar as políticas e directrices establecidas por FEGADACE, conforme:

- **Anonimato e confidencialidade.** – O traballo respectará o dereito das persoas a proporcionar a información asegurando o seu anonimato e confidencialidade. O equipo/ persoa consultora garantirá durante todo o proceso de elaboración de

traballo e o cumprimento das correspondentes cláusulas e exixencias do RGPD vixente.

- **Responsabilidade.** – Calquera desacordo ou diferenza de opinión que puidese xurdir entre as persoas integrantes do equipo ou entre estas e as persoas responsables de FEGADACE en relación coas conclusións e recomendacións, debe ser mencionada no informe final da consultora. Calquera afirmación debe ser sostida polo equipo ou deixar constancia do desacordo sobre ela.
- **Integridade.** – As persoas responsables do servizo de consultoría terán a responsabilidade de poñer de manifesto cuestións non mencionadas especificamente neste documento, se fose necesario para obter unha análise máis completa do traballo a realizar.
- **Incidencias.**- No suposto de aparición de problemas durante a realización do traballo deberán ser comunicados inmediatamente a FEGADACE. De non ser así, a existencia dos mencionados problemas non poderá ser utilizada, en ningún caso, para xustificar a non obtención dos resultados establecidos no presente documento.
- **Verificación da información.** - Corresponde ao equipo consultor garantir a veracidade da información recompilada para o acompañamento na elaboración do PE.
- **Produtos esperados** – A difusión da información recompilada, ferramentas xeradas e de calquera produto elaborado no ámbito desta consultoría é prerrogativa de FEGADACE.
- **Entrega dos produtos** - En caso de retraso na entrega do informe final ou no suposto en que a calidade dos resultados obtidos e informe entregado sexa manifestamente inferior ao pactado con FEGADACE, serán aplicables as penalizacións previstas no contrato que se celebrará entre a empresa ou profesional e a federación.

## 11. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E CRITERIOS DE VALORACIÓN

As propostas (técnica e económica) deberán remitirse ata o **28 de febreiro de 2024 ás 12h00**, á atención da **Dirección de FEGADACE**: Begoña Hermida Val, a través do **endereço electrónico [direccion@fegadace.org](mailto:direccion@fegadace.org)**, indicando no asunto **“Servizo de Consultoría para a Elaboración do Plan Estratéxico de FEGADACE 2025-2028”**.

Todas as propostas deberán respectar as seguintes características para participar no proceso de selección:

- Portada onde se indique:
  - Nome da empresa ou persoa consultora.
  - Título do Servizo “Consultoría para a elaboración do Plan Estratéxico 2025-2028 da Federación Galega de Dano Cerebral”.
  - Datos de contacto da empresa ou persoa consultora.
- Oferta técnica que inclúa:
  - CV detallado da empresa (de ser o caso)
  - CV detallado das persoas integrantes do equipo de traballo da empresa.
  - CV detallado da persoa consultora individual (de ser o caso)
  - Acreditacións de experiencia previa valorada no proceso de licitación.
  - Metodoloxía de traballo proposta.
  - Plan de traballo organizado por accións, tempos e responsabilidades.
- Oferta económica que inclúa:
  - A planificación orzamentaria detallada por concepto de gasto que contemple todos os gastos derivados da execución do servizo, incluíndo impostos, desprazamentos, materiais, comunicacións, e todos aqueles que a empresa ou persoa consultora individual considere imprescindibles para o desenvolvemento do servizo.

A valoración das ofertas realizarase atendendo aos seguintes criterios e factores:

<b>PROPOSTA TÉCNICA Puntuación máxima 60 puntos</b>			
<b>CRITERIO</b>	<b>VALOR CRITERIO</b>	<b>FACTORES</b>	<b>VALOR FACTORES</b>
<b>Composición e experiencia do equipo humano proposto</b>	Ata 20 puntos	Estudos de especialización e experiencia contrastada na elaboración de Planificación Estratéxica e sustentabilidade financeira institucional en organizacións sen ánimo de lucro, especialmente nos ámbitos social, sanitario e de discapacidade.	Ata 10 puntos
		Experiencia en planificación, avaliación e medición do impacto de plans/ proxectos/ programas ou servicios de carácter social e/ou sanitario	Ata 5 puntos
		Experiencia en transferencia de coñecementos e no uso de ferramentas de capacitación en Planificación Estratéxica e Avaliación, con metodoloxías participativas.	Ata 5 puntos
<b>Metodoloxía de Traballo e Plan de Acción</b>	Ata 30 puntos	Forma na que se aborda cada unha das fases ligadas á entrega dos produtos solicitados, nivel de detalle aportado e descrición de cada tarefa.	Ata 6 puntos
		Grao de participación e implicación proposta dos grupos de interese nas distintas fases	Ata 6 puntos
		Nivel de concreción dos obxectivos, actuacións, indicadores e alcance do desenvolvemento do PE propostos	Ata 6 puntos
		Nº proposto de espazos participativos e colaborativos cos grupos de interese.	Ata 6 puntos
		Nº de reunións propostas para definición da proposta metodolóxica, elaboración de instrumentos requiridos e definición do plan de traballo para a formulación do PE	Ata 6 puntos
<b>Concreción, claridade e valor engadido da oferta</b>	Ata 10 puntos	Concreción e definición sinxela dos indicadores e metas de traballo propostos	Ata 3 puntos
		Concreción e claridade do Plan de Acción proposto	Ata 3 puntos
		Propostas de acción, obxectivos de traballo e resultados que aporten valor engadido ao proposto por FEGADACE	Ata 4 puntos
<b>PROPOSTA ECONÓMICA Puntuación máxima 40 puntos</b>			
Para valorar o prezo asignarase a máxima puntuación establecida á oferta máis económica, puntuándose o resto das ofertas conforme á seguinte fórmula: Puntuación oferta i = (oferta máis económica / oferta i) x máxima puntuación.			

## 12. DOCUMENTACIÓN DE INTERESE

- Estatutos
- Regulamento de Réxime Interno
- Declaración de utilidade pública
- Política de Calidade
- Certificado de Cumprimento co Regulamento de Protección de Datos Persoais
- Plan Estratégico FEGADACE 2020-2023
- Plan de Igualdade 2023-2027 de FEGADACE
- Memorias, Contas Anuais e Auditorías
- Principais fontes de financiamento de FEGADACE